

Información 1º bacharelato.**CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CONTIDOS MÍNIMOS.
TEMPORALIZACIÓN E CUALIFICACIÓNS.****CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.****Tema 1: A ACTIVIDADE CIENTÍFICA. A MEDIDA.**

Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
1. O método científico: estratexias necesarias na actividade científica.	1.1. Recoñecer e utilizar as estratexias básicas da actividade científica. Formular problemas e emitir hipóteses, propor modelos, elaborar estratexias de resolución de problemas e deseños experimentais, analizar os resultados e realizar experiencias.	1.1. Aplica habilidades necesarias para a investigación científica: fai preguntas, identifica problemas, recolle datos, realiza experiencias, diseña e argumenta estratexias de resolución de problemas, utiliza modelos e leis, revisa o proceso e obtén conclusións.
2. A medida: magnitudes e unidades.	2.1. Distinguir o concepto de magnitudes e unidades. 2.2. Tipos de magnitudes. 2.3. Magnitudes e Unidades do S.I. Múltiplos e Submúltiplos.	2.1 Resolve exercicios numéricos e expresa o valor das magnitudes empregando a notación científica. 2.2 Distingue magnitudes escalares e vectoriais e opera adecuadamente con elas mediante por factores de conversión. 2.3 Análise dimensional das ecuacións que relacionan as magnitudes nun proceso físico ou químico.
3. Instrumentos de medida	3.1. Características dos instrumentos. 3.2. Erros na medida. 3.3. Resultado dunha medida. Notación científica.	3.1 Estima os erros absoluto e relativo asociados e contextualiza os resultados.
4. Análises de datos.	4.1. Táboas, gráficas. Interpolación e extrapolación.	4.1 Elabora e interpreta representacións gráficas de procesos físicos e químicos a partir dos datos obtidos en experiencias de laboratorio ou virtuais, e relaciona os resultados obtidos coas ecuacións que representan as leis ou os principios subxacentes.

Tema 2: CINEMÁTICA.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
1. Movemento e sistemas de referencia inerciais. Principio de relatividade de Galileo	1.1. Distinguir entre sistemas inerciais e non inerciais.	1.1. Analiza o movemento dun corpo en situacións cotiás razoando se o sistema de referencia elidido é inercial ou non inercial. 1.2 Xustifica a viabilidade dun experimento que distinga se un sistema de referencia está en repouso ou se move con velocidade cte.
2. Traxectoria, posición e desprazamento. Velocidade e aceleración.	2.1. Representar graficamente as magnitudes vectoriais que describen os movementos nun sistema de referencia adecuado.	2.1 Describe o movemento dun corpo a partir dos seus vectores de posición, velocidade e aceleración nun sistema de referencia dado.
3. Movementos rectilíneo e circular uniformes. Movementos rectilíneo e circular uniformemente acelerados.	3.1 Recoñecer as ecuacións dos movementos MRU, MRUA, MCU e MCUA e aplicarlas a situacións concretas. 3.2 Interpretar representacións gráficas dos movementos. 3.3 Determinar velocidades e aceleracións instantáneas a partir da expresión do vector de posición en función do tempo. 3.4 Expresar a aceleración en función das compoñentes intrínsecas. 3.5 Relacionar magnitudes angulares con lineais.	3.1 Obtén as ecuacións que describen a velocidade e a aceleración dun corpo a partir da expresión do vector de posición en función do tempo. 3.2 Resolve exercicios prácticos de cinemática en dúas dimensións aplicando as ecuacións dos movementos. 3.3 Interpreta as gráficas que relacionan as variables implicadas nos movementos MRU, MRUA, MCU, MCUA aplicando as ecuacións adecuadas para obter os valores do espazo, veloc e acel. 3.4 Realiza predicións sobre a posición e velocidade dun móbil.
4. Composición dos movementos rectilíneo uniforme e rectilíneo uniformemente acelerado.	4.1 Identificar a composición de dous mov unidimensionais MRU e MRUA.	4.1 Recoñece e resolve problemas sobre movementos compostos, establece as ecuacións que os describen e calcula o alcance, altura máxima, así como valores instantáneos de posición e velocidade. 4.2 Emprega simulacións virtuais interactivas para resolver supostos prácticos reais.
5. Descrición do movemento harmónico simple (MHS).	5.1 Interpretar o significado físico dos parámetros que describen o MHS e asocialo ao movemento dun corpo que oscile.	5.1 Obtén a posición, veloc e acel nun MHS aplicando as ecuacións. 5.2 Interpreta os parámetros da ecuación do MHS e predí a posición dun oscilador coñecendo a amplitude, frecuencia, período e fase inicial.

Tema 3: DINÁMICA, FORZAS E MOVEMENTO.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
1.A forza como interacción, natureza, composición e	1.1. Identificar todas as forzas que actúan sobre un	1.1. Representa todas as forzas que actúan sobre un corpo, obtendo a resultante.

descomposición das forzas.	corpo.	1.2 Debuxa o diagrama de forzas dun corpo situado no interior dun ascensor en diferentes situacións de movemento, calculando a súa aceleración a partir das leis da dinámica.
2. Momento dunha forza. Equilibrio.	2.1. Resolver situacións dende o punto de vista estático, con forzas en equilibrio.	2.1 Calcula o módulo do momento dunha forza. 2.2 Resolve supostos con forzas en equilibrio.
3. Leis de Newton. Forzas de contacto. Dinámica de corpos ligados. Conservación do momento lineal e impulso mecánico.	3.1. Resolver situacións dende un punto de vista dinámico que involucran planos inclinados e/ou poleas.	3.1 Resolve supostos nos que aparezan forzas de rozamento en planos horizontais ou inclinados aplicando as leis Newton. O mesmo con varios corpos unidos mediante cordas tensas e poleas. 3.2 Establece a relación entre o impulso mecánico e momento lineal aplicando a segunda lei de Newton. 3.3 Explica o movemento de dous corpos en casos prácticos como colisións e sistemas de propulsión mediante o principio de conservación do momento lineal.
4. Dinámica do movemento circular uniforme. Leis de Kepler. Forzas centrais. Momento angular. Conservación.	4.1 Xustificar a necesidade de que existan forzas para que se produza un movemento circular. 4.2 Contextualizar as leis de Kepler no estudo do movemento planetario. 4.3 Asociar o movemento orbital coa actuación de forzas centrais e a conservación do momento angular.	4.1 Aplica o concepto de forza centrípeta para resolver e interpretar casos de móbiles en curvas e en traxectorias circulares. 4.2 Comproba as leis de Kepler a partir de táboas de datos astronómicos correspondentes ao movemento de algúns planetas. 4.3 Describe o movemento orbital dos planetas do Sistema Solar aplicando as leis de Kepler e extrae conclusións acerca do período orbital destes. Estándares de aprendizaxe
5. Forzas elásticas. Dinámica do MHS.	5.1. Recoñecer as forzas elásticas en situacións cotiás e describir os seus efectos.	5.1 Demostra que a aceleración dun MHS é proporcional ao desprazamento empregando a ecuación fundamental da dinámica 5.2 Estima o valor da gravidade facendo un estudo do mov do péndulo simple. 5.3 Determina experimentalmente a constante elástica dun resorte aplicando a lei de Hooke e calcula a frecuencia coa que oscila unha masa coñecida unida a un extremo do citado resorte.
6. Lei de Gravitación Universal. Interacción electrostática. Lei de Coulomb.	6.1 Determinar e aplicar a lei de gravitación universal á estimación do peso dos corpos e á interacción entre corpos celestes, tendo en conta o seu carácter vectorial. 6.2 Enunciar a lei de	6.1 Expresa a forza da atracción gravitacional entre dous corpos calquera, coñecidas as variables das que depende, establecendo como inciden os cambios nestas sobre aquela. 6.2 Compara o valor da atracción gravitatoria da Terra sobre un corpo na súa superficie coa acción de corpos afastados

	<p>Coulomb e caracterizar a interacción entre dúas cargas eléctricas puntuais.</p> <p>6.3 Valorar as diferenzas e as semellanzas entre a interacción eléctrica e a gravitatoria.</p>	<p>sobre o mesmo corpo.</p> <p>6.3 Compara a lei de Newton da gravitación universal e a de Coulomb, e establece diferenzas e semellanzas entre elas.</p> <p>6.4 Acha a forza neta que un conxunto de cargas exerce sobre unha carga problema utilizando a lei de Coulomb.</p> <p>6.5 Determina as forzas electrostática e gravitatoria entre dúas partículas de carga e masa coñecidas e compara os valores obtidos, extrapolando conclusións ao caso dos electróns e o núcleo dun átomo.</p>
--	--	---

Tema 4: ENERXÍA (TRABALLO E ENERXÍA)

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
1. Enerxía mecánica e traballo. Transferencia de enerxía. Teorema das forzas vivas.	1.1. Establecer a lei de conservación da enerxía mecánica e aplicala á resolución de casos prácticos.	1.1. Aplica o principio de conservación da enerxía para resolver problemas mecánicos, determinando valores de velocidade e posición, así como de enerxía cinética e potencial. 1.2 Relaciona o traballo que realiza unha forza sobre un corpo coa variación da súa enerxía cinética, e determina algunha das magnitudes implicadas.
2. Sistemas conservativos.	2.1. Recoñecer sistemas conservativos como aqueles para os que é posible asociar unha enerxía potencial e representar a relación entre traballo e enerxía.	2.1 Clasifica en conservativas e non conservativas as forzas que interveñen nun suposto teórico xustificando as transformacións energéticas que se producen e a súa relación co traballo.
3. Enerxía cinética e potencial do movemento harmónico simple (MHS)	3.1. Describir as transformacións enerxéticas que teñen lugar nun oscilador harmónico.	3.1 Calcula as enerxías cinética, potencial e mecánica dun oscilador harmónico aplicando o principio de conservación da enerxía e realiza a representación gráfica correspondente. 3.2 Estima a enerxía almacenada nun resorte en función da elongación, coñecida a súa constante elástica.
4. Diferenza de potencial eléctrico.	4.1. Vincular a diferenza de potencial eléctrico co traballo necesario para transportar unha carga entre dous puntos dun campo eléctrico e coñecer a súa unidade no S.I.	4.1 Asocia o traballo necesario para trasladar unha carga entre dous puntos dun campo eléctrico coa diferenza de potencial existente entre eles permitindo a determinación da enerxía implicada no proceso.

Tema 5: ASPECTOS CUANTITATIVOS DA QUÍMICA.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
1. A materia. Substancia pura, elementos, compostos. Disolucións. Formas de expresar a concentración dunha disolución. Propiedades coligativas.	1.1. Realizar os cálculos necesarios para a preparación de disolucións dunha concentración dada, expresala en calquera das formas establecidas, e levar a cabo a súa preparación. 1.2 Explicar a variación das propiedades coligativas entre unha disolución e o disolvente puro, e comprobalo experimentalmente.	1.1. Expresa a concentración dunha disolución en g/L, mol/L, % en peso e % en volume. 1.2 Describe o procedemento de preparación no laboratorio de disolucións dunha concentración determinada e realiza os cálculos necesarios, tanto para o caso de solutos en estado sólido como a partir doutra concentración coñecida. 1.3 Interpreta a variación das temperaturas de fusión e ebulición dun líquido ao que se lle engade un soluto, relacionando con algún proceso de interese no contorno. 1.4 Utiliza o concepto de presión osmótica para describir o paso de ións a través dunha membrana semipermeable.
2. Leis fundamentais das reaccións químicas. Teoría atómica de Dalton. Leis dos gases. Ecuación de estado dos gases ideais. Teoría cinético-molecular dos gases. Determinación de fórmulas empíricas e moleculares.	2.1. Explicar a teoría atómica de Dalton e as leis básicas asociadas ao seu establecemento. 2.2 Utilizar a ecuación de estado dos gases ideais para establecer relacións entre presión, volume e temperatura. 2.3 Aplicar a ecuación dos gases ideais para calcular masas moleculares e determinar fórmulas moleculares.	2.1 Xustifica a teoría atómica de Dalton e a descontinuidade da materia a partir das leis fundamentais da química. 2.2 Determina as magnitudes que definen o estado dun gas aplicando a ecuación de estado dos gases ideais. 2.3 Determina presións totais e parciais dos gases dunha mestura, relacionando a presión total dun sistema coa fracción molar e a ecuación de estado dos gases ideais. 2.4 Relaciona a fórmula empírica e molecular dun composto coa súa composición centesimal, aplicando a ecuación de estado dos gases ideais.
3. Métodos actuais para a análise de substancias: espectroscopia e espectrometría.	3.1. Recoñecer a importancia das técnicas espectroscópicas que permiten a análise de substancias e as súas aplicacións para a detección destas en cantidades moi pequenas de mostras.	3.1 Describe as aplicacións da espectroscopia na identificación de elementos e compostos.

Tema 6: REACCIÓNS QUÍMICAS.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
1. Estequiometría das reaccións. Reactivo limitante e rendemento dunha reacción. Reactivos impuros e pureza dunha	1.1. Formular e nomear correctamente as substancias que interveñen nunha reacción química dada, e levar a cabo no	1.1. Escribe e axusta ecuacións químicas sinxelas de distinto tipo (neutralización, oxidación, síntese) e de interese bioquímico ou industrial. 1.2 Interpreta unha ecuación química

mostra.	laboratorio reaccións químicas sinxelas. 1.2 Interpretar as reaccións químicas e resolver problemas nos que interveñan reactivos limitantes e reactivos impuros, e cuxo rendemento non sexa completo.	en termos de cantidade de materia, masa, número de partículas ou volume, para realizar cálculos estequiométricos nela. 1.3 Realiza os cálculos estequiométricos aplicando a lei de conservación da masa a distintas reaccións. 1.4 Realiza os cálculos estequiométricos nos que interveñan compostos en estado sólido, líquido ou gasoso, ou en disolución en presenza dun reactivo limitante ou un reactivo impuro. 1.5 Aplica o rendemento dunha reacción na realización de cálculos estequiométricos.
2. Química e Industria. Medio ambiente.	2.1. Identificas as reaccións químicas implicadas na obtención de compostos inorgánicos relacionados con procesos industriais. 2.2 Identificar os procesos básicos da siderurxia e as aplicacións dos produtos resultantes. 2.3 Valorar a importancia da investigación científica no desenvolvemento de novos materiais con aplicacións que melloren a calidade de vida.	2.1 Describe o proceso de obtención de produtos inorgánicos de alto valor engadido, analizando o seu interese industrial. 2.2 Explica os procesos que teñen lugar nun alto forno. Argumenta a necesidade de transformar ferro fundido en aceiro, distinguíndoos en función do % C. Tipos de aceiro. 2.3 Analiza a importancia da investigación en novos materiais para a mellora da calidade de vida.

Tema 7: TRANSFORMACIÓNS ENERXÉTICAS E ESPONTANEIDADE.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
1. Sistemas termodinámicos Primeiro principio. Enerxía interna.	1.1. Interpretar o primeiro principio da termodinámica como o principio de conservación da enerxía en sistemas nos que se producen intercambios de calor e traballo. 1.2 Recoñecer a unidade de calor no S.I e o seu equivalente mecánico.	1.1. Relaciona a variación de enerxía interna nun proceso termodinámico coa calor absorbida ou desprendida e o traballo realizado no proceso. 1.2 Explica razoadamente o procedemento para determinar o equivalente mecánico da calor tomando como referente aplicacións virtuais interactivas asociadas ao experimento de Joule.
2. Entalpía. Ecuacións	2.1. Interpretar ecuacións	2.1 Expresa as reaccións mediante

termoquímicas. Lei de Hess.	termoquímicas e distinguir entre reaccións endotérmicas e exotérmicas. 2.2 Describir as posibles formas de calcular a entalpía dunha reacción química.	ecuacións termoquímicas debuxando e interpretando os diagramas entálpicos asociados. 2.2 Calcula a variación de entalpía dunha reacción aplicando a lei de Hess, coñecendo entalpías de formación ou enerxías de ligazón asociadas a unha transformación química dada, e interpreta o seu signo.
3. Segundo principio da termodinámica. Entropía. Factores que interveñen na espontaneidade dunha reacción química. Enerxía de Gibbs.	3.1. Predicir a espontaneidade dun proceso químico en determinadas condicións, a partir da enerxía de Gibbs.	3.1 Predí a variación de entropía nunha reacción química dependendo da molecularidade e estado dos compostos que interveñen. 3.2 Identifica a enerxía de Gibbs coa magnitude que informa da espontaneidade dunha reacción química. 3.3 Xustifica a espontaneidade dunha reacción química en función dos factores entálpicos, entrópicos e da temperatura.
4. Consecuencias sociais e ambientais das reaccións químicas de combustión.	4.1 Analizar a influencia das reaccións de combustión a nivel social, industrial e ambiental.	4.1 Analiza consecuencias do uso de combustibles fósiles, relacionando emisións de CO ₂ co seu efecto na calidade de vida. Propón actitudes sustentables para reducir estes efectos.

Tema 8: QUÍMICA DO CARBONO.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
1. Enlaces do átomo de carbono. Compostos de carbono: hidrocarburos.	1.1. Recoñecer hidrocarburos saturados, insaturados e aromáticos, relacionándoos con compostos de interese biolóxico e industrial.	1.1. Formula e nomea segundo as normas da IUPAC hidrocarburos de cadea aberta e pechada e derivados aromáticos.
2. Formulación e nomenclatura IUPAC dos compostos do carbono nitroxenados e osixenados.	2.1. Identificar compostos orgánicos que conteñan funcións osixenadas e nitroxenadas.	2.1 Formula e nomea segundo as normas da IUPAC compostos orgánicos sinxelos cunha función osixenada ou nitroxenada.
3. Isomería estrutural.	3.1. Representar os tipos de isomería.	3.1 Representa os isómeros dun composto orgánico.
4. Petróleo e novos	4.1. Explicar os fundamentos	4.1 Describe o proceso de obtención

materiais.	químicos relacionados coa industria do petróleo e do gas natural.	do gas natural e dos derivados do petróleo a nivel industrial e a súa repercusión ambiental. 4.2 Explica a utilidade das fraccións do petróleo.
5. Aplicacións e propiedades dos compostos do carbono.	5.1 Diferenciar as estruturas que presenta o carbono no grafito, no diamante, no grafeno, no fullereno e nos nanotubos e relacionalo coas súas aplicacións. 5.2 Valorar o papel da química do carbono nas nosas vidas e recoñecer a necesidade de adoptar actitudes e medidas ambientalmente sustentables.	5.1 Identifica as formas alotrópicas do carbono relacionándoas coas propiedades físico-químicas e as súas posibles aplicacións. 5.2 A partir dunha fonte de información, elabora un informe no que se analice e xustifique a importancia da química do carbono e a súa incidencia na calidade de vida. 5.3 Relaciona as reaccións de condensación e combustión con procesos que ocorren a nivel biolóxico.

CONTIDOS MÍNIMOS.

- Diferenciar e coñecer os conceptos de magnitude, unidade e medida.
- Coñecer e distinguir entre magnitudes fundamentais e derivadas, escalares e vectoriais.
- Apreciar a sensibilidade e a precisión dun instrumento de medida.
- Manipular correctamente os instrumentos de medida.
- Trasladar con meticulosidade os procedementos levados a cabo no laboratorio ao informe escrito.
- Expresar correctamente os resultados das medidas, atendendo especialmente a unidade, a precisión da medida, dos datos e o número de cifras significativas.
- Utilizar a notación científica correctamente.
- Transformar correctamente diferentes unidades usando factores de conversión.
- Expresar con corrección mensaxes orais e escritas sobre os contidos do bloque.
- Saber clasificar os corpos materiais en sustancias puras e mesturas.
- Realizar equivalencias entre moles, masa e número de partículas dunha substancia.
- Comprender o significado de fórmula química, diferenciar a empírica da molecular, e determinar éstas a partires da composición dunha substancia.
- Manexar os números cuánticos e relacionalos coa configuración electrónica, así como realizar configuracións electrónicas.
- Deducir información das configuracións electrónicas e manexar os datos do sistema periódico.
- Formular e nomear especies inorgánicas.
- Coñecer e describir o material de vidro de uso corrente no laboratorio.
- Expresar correctamente a concentración dunha disolución empregando distintas unidades, así como determinar a cantidade de soluto contida nun volume determinado de disolución.
- Saber preparar, no laboratorio, unha disolución dunha concentración dada, coñecer o material a empregar e elaborar un informe.
- Representar correctamente as reaccións químicas mediante ecuacións e saber axustalas.

- Determinar, tendo en conta as relacións estequiométricas, as cantidades de reactivos e produtos que interveñen nun proceso químico, nos casos de reactivo limitante, con reactivos gasosos, en disolución,..., con rendemento.
- Resolver problemas relacionados coas variacións de entalpía, entropía e enerxía libre de Gibbs.
- Entender o motivo do elevado número de especies orgánicas.
- Identificar a presenza do carbono en especies vivas.
- Nomear e formular hidrocarburos, haloxenuros de alquilo, derivados oxixenados e nitroxenados.
- Relacionar as propiedades dos compostos orgánicos coas características estruturais do seu grupo funcional.
- Recoñecer as distintas clases de isomería estrutural que poden presentar as sustancias orgánicas.
- Aplicar a lei de Coulomb.
- Calcular a intensidade e o potencial creado por diversas cargas nun punto.
- Coñecer e aplicar as magnitudes características do movemento, así como empreñar correctamente as unidades correspondentes á resolución de cuestións e problemas relativos aos movementos estudados.
- Describir movementos graficamente.
- Saber realizar medidas experimentais e cálculos para describir movementos.
- Procesar datos de táboas e gráficos.
- Coñecer e aplicar o concepto de forza en xeral, e de forza de rozamento.
- Identificar correctamente as forzas que actúan sobre un corpo e elaborar diagramas vectoriais das mesmas.
- Relacionar as forzas cos movementos que producen.
- Resolver correctamente cuestións relacionadas coas leis da dinámica e da gravitación universal, e do MHS.
- Resolver problemas nos que actúan unha ou máis forzas.
- Empregar correctamente as unidades físicas, no S.I., correspondentes as magnitudes estudadas.
- Coñecer e aplicar os conceptos de traballo, potencia, enerxía cinética e potencial, así como as unidades respectivas, no S.I.
- Aplicar a relación entre traballo e enerxía na resolución de problemas.
- Describir as transformacións de enerxía que teñen lugar en diversas situacións.
- Aplicar o principio de conservación da enerxía.

TEMPORIZACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Comezamos o curso facendo un pequeno repaso de conceptos básicos vistos o ano pasado, nosos alumnos proceden de distintos centros, polo que intentamos neste momento facer unha pequena nivelación entre eles.

A distribución da materia será a seguinte:

1º trimestre: repaso e nivelación de física, temas 1, 2 e 3.

2º trimestre: temas 4, nivelación de química e temas 5, 6.

3º trimestre: temas 7 e 8. Repaso e recuperacións.

Este curso, dado que o ano anterior, no noso instituto empezáramos 4º ESO con química e

rematamos con física, consideramos oportuno empezar por física, porque así o repaso resultaría máis fácil, dado que estaba máis recente. É de destacar as dificultades que presenta o alumnado para recordar os conceptos aprendidos anteriormente, despois de pasar o verán por medio.

En cada avaliación realizaranse dous ou tres exames, a materia non será eliminatoria, contribuíndo as cualificacións destes exames nunha porcentaxe que será dun 15, 25 e 60% nun principio, segundo a cantidade de materia que se sinale para cada un deles, pactando algunha variación da porcentaxe de cada exame cos alumnos. A nota da avaliación será a media ponderada das cualificacións acadadas nos exames de acordo coa porcentaxe fixada. Haberá un exame final da parte correspondente a Química e outra de Física, de xeito que servirán de recuperación a aqueles alumnos que teñan algunha avaliación suspensa.

A cualificación das preguntas das probas escritas dependerá do grao de dificultade, sendo a puntuación total de 10 puntos. Considerarase que a avaliación é positiva se ten como mínimo 5 puntos.

A nota final será a media das acadadas en cada avaliación.

As faltas de asistencia sen xustificar e os atrasos á hora de entrar na aula (tres atrasos equivalen a unha falta sen xustificación), serán penalizados cunha puntuación negativa, unha vez que o alumno teña 8 faltas inxustificadas se lle restarán 0,5 puntos, e cada falta posterior 0,1 puntos, ata a perda da avaliación continua.